

ACTA N.º 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA AO ALLEAMENTO DE VARIAS PARCELAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL MEDIANTE POXA PÚBLICA E DIVIDIDO EN 16 LOTES:

(EXPTE.: 2025/C006/000004)

LUGAR: Salón de Plenos do Concello de Oroso
DATA: 05.02.2026
HORA: 12:14 horas

Presidente:

Alexánder Doval Expósito (Alcalde)

Vogais:

Carlos Temprano Temprano (Interventor municipal)
Federico Suárez Cancelo (Secretario municipal)
Yolanda García Fachal (Arquitecta técnica do concello)
Ana María Liñares Castro (Técnica de contratación do concello)

Secretaria:

Ana María Alonso del Río (Administrativa de contratación do concello)

ORDE DO DÍA:

1.- Apertura dos sobres A que conteñen a documentación administrativa. Calificación administrativa correspondente as proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2025/C006/000004 para adxudicar o contrato de Alleamento de parcelas de titularidade municipal.

2.- Apertura, se procede, dos sobres B que conteñen a oferta económica. Criterios avaliáveis automáticamente correspondente as proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2025/C006/000004 para adxudicar o contrato de Alleamento de parcelas de titularidade municipal.

1.- APERTURA DOS SOBRES “A” QUE CONTEÑEN A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. CALIFICACIÓN ADMINISTRATIVA CORRESPONDENTE AS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS POLOS LICITADORES NO PROCEDEMENTO CON NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/C006/000004 PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE ALLEAMENTO DE PARCELAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

No salón de Plenos do Concello de Oroso a Mesa de contratación procede a celebrar a sesión pública de apertura e valoración da documentación contida no sobre “A” substituído “Documentación administrativa para participar na licitación do alleamento de bens do Concello de Oroso”.

Unha vez constituída a Mesa a secretaria procede a dar comenzo á sesión na Plataforma de Contratos do Sector Público e a acceder ao primeiro acto da orde do día “**Apertura y calificación administrativa**” non figurando ningunha proposición presentada de xeito electrónico.

De seguido se procede ao reconto das proposicións presentadas en formato papel e se confronta cos datos que figuran no certificado emitido pola Secretaria en funcións do Concello en data 05/01/2026 atendendo ao informe emitido pola funcionaria encargada de rexistro nesa mesma data. Resultado do anterior, presentaron oferta a través do Rexistro do Concello de Oroso, dentro do prazo sinalado, as seguintes persoas:

NUMERO DE REXISTRO	DATA E HORA DE REXISTRO	LICITADOR	NIF	SOBRE
202500000003355	17/12/2025 12:29	JESÚS MIRAS BLANCO	***0364**	SOBRE A
202500000003356	17/12/2025 12:32	JESÚS MIRAS BLANCO		SOBRE B
202500000003373	23/12/2025 09:45	JOSÉ LUIS MÍGUEZ VIQUEIRA	***5288**	SOBRE A
202500000003374	23/12/2025 09:48	JOSÉ LUIS MÍGUEZ VIQUEIRA		SOBRE B
202500000003375	23/12/2025 10:38	JOSÉ GARCÍA RÚANOVA	***9041**	SOBRE A
202500000003376	23/12/2025 10:53	JOSÉ GARCÍA RÚANOVA		SOBRE B
202500000003385	26/12/2025 11:44	JOSÉ MARÍA LAGARES MOSQUERA	***0370**	SOBRE A
202500000003386	26/12/2025 14:44	JOSÉ MARÍA LAGARES MOSQUERA		SOBRE B
202500000003391	29/12/2025 12:03	JOSÉ SECUNDINO IGLESIAS PÉREZ	***8069**	SOBRE A
202500000003392	29/12/2025 12:08	JOSÉ SECUNDINO IGLESIAS PÉREZ		SOBRE B

De seguido o Secretario municipal procede á apertura dos sobres “A” presentados polos licitadores accedéndose ao seu contido..

A Mesa de Contratación procede a examinar e cualificar formalmente a documentación contida no sobre “A” dos licitadores presentados resultando que todos presentan a documentación administrativa consonte ao esixido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda admitir a todos os licitadores ao procedemento por xuntar toda a documentación esixida no sobre A.

2.- APERTURA, SE PROCEDE, DOS SOBRES “B” QUE CONTEÑEN A OFERTA ECONÓMICA. CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE CORRESPONDENTE AS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS POLOS LICITADORES NO PROCEDIMENTO CON NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/C006/000004 PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE ALLEAMENTO DE PARCELAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

A Mesa de contratación procede a celebrar o seguinte acto da orde do día, “**Apertura criterios evaluables automáticamente**”.

O Presidente ordea a apertura e lectura dos sobres B substituídos “Proposición económica” presentados polos licitadores admitidos.

De seguido, se procede á apertura dos mesmos e á súa lectura por parte do Secretario municipal, resultando o seguinte:

LICITADOR	NIF	OFERTA	
		Nº DE LOTE	PREZO OFERTADO
JESÚS MIRAS BLANCO	***0364**	11	2.925,00 €
JOSÉ LUIS MÍGUEZ VIQUEIRA	***5288**	9	2.123,30 €
JOSÉ GARCÍA RÚANOVA	***9041**	1	4.000,00 €
JOSÉ MARÍA LAGARES MOSQUERA	***0370**	1	2.000,00 €
JOSÉ SECUNDINO IGLESIAS PÉREZ	***8069**	10	1.500,04 €

A Mesa procede a cotexar o prezo ofertado por cada lote cos importes base de licitación que figuran no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o contrato, xa que, tal como se establece na cláusula 7 do mesmo, as ofertas económicas realizaranse á alza, sen que poidan ser en ningún caso inferiores ao orzamento base sinalado no prego.

De seguido e, de acordo co establecido na cláusula 12.4 do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe este contrato, a Mesa adopta por unanimidade os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Admitir as seguintes ofertas ao cumprir os requisitos establecidos no prego:

LICITADOR	NIF	OFERTA		ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
		Nº DE LOTE	PREZO OFERTADO	
JESÚS MIRAS BLANCO	***0364**	11	2.925,00 €	2.913,12 €
JOSÉ LUIS MÍGUEZ VIQUEIRA	***5288**	9	2.123,30 €	2.096,64 €

Segundo: Non admitir as seguintes ofertas ao ser inferiores ao orzamento base de licitación que se recolle no prego:

LICITADOR	NIF	OFERTA		ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	MOTIVO DA NON ADMISIÓN DA OFERTA
		Nº DE LOTE	PREZO OFERTADO		
JOSÉ GARCÍA RÚANOVA	***9041**	1	4.000,00 €	7.543,20 €	Oferta inferior ao orzamento base de licitación
JOSÉ MARÍA LAGARES MOSQUERA	***0370**	1	2.000,00 €	7.543,20 €	Oferta inferior ao orzamento base de licitación
JOSÉ SECUNDINO IGLESIAS PÉREZ	***8069**	10	1.500,04 €	3.202,08 €	Oferta inferior ao orzamento base de licitación

Á vista de todo o anterior e dado que non é necesario o requirimento de subsanación da documentación, a mesa decide por unanimidade a apertura de sesión e inclusión dos seguintes puntos na orde do día.

3.-VALORACIÓN DE CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE CORRESPONDENTE AS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS POLOS LICITADORES NO PROCEDIMENTO CON NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/C006/000004 PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE ALLEAMENTO DE PARCELAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

Dase comezo ao acto “**Valoración criterios evaluables automáticamente**” e a Mesa procede á avaliación e clasificación das ofertas presentadas segundo o único criterio de adxudicación previsto no prego, que é o mellor prezo ofertado, resultando o seguinte:

Nº DE LOTE	Nº ORDE	LICITADOR	PREZO OFERTADO
9	1	JOSÉ LUIS MÍGUEZ VIQUEIRA	2.123,30 €

Nº DE LOTE	Nº ORDE	LICITADOR	PREZO OFERTADO
11	1	JESÚS MIRAS BLANCO	2.925,00 €

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN CORRESPONDENTE AS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS POLOS LICITADORES NO PROCEDIMENTO CON NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/C006/000004 PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE ALLEAMENTO DE PARCELAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

A continuación, e trala finalización do acto de “Valoración de criterios evaluables automáticamente”, dase comenzo ao seguinte acto incluído na orde do día “**Proposta de adxudicación**”.

Tendo en conta que o número de lotes con proposta admitidos á trámite é inferior ao número de lotes ofertados, de conformidade co establecido na cláusula 12 e 14 do prego de condicións que rexe a concesión, a Mesa por unanimidade adopta os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO: Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos seguintes lotes aos seguintes licitadores polo prezo ofertado por cada un deles:

LICITADOR	NIF	OFERTA	
		Nº DE LOTE	PREZO OFERTADO
JESÚS MIRAS BLANCO	***0364**	11	2.925,00 €
JOSÉ LUIS MÍGUEZ VIQUEIRA	***5288**	9	2.123,30 €



SEGUNDO. Propoñer ao órgano de contratación que efectúe o requirimento da documentación necesaria para a adxudicación, previsto na cláusula 14 do PCAP, aos licitadores propostos como adxudicatarios.

TERCEIRO: Propoñer ao órgano de contratación a correspondente declaración de deserto dos seguintes lotes para os que non se presentou ningunha oferta ou que a presentada resultou inadmitida: Lotes 1,2,3,4,5,6,7,8,10,12,13,14,15 e 16.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 12:47 horas do día 05.02.2026 o Presidente remata as sesións e eu redacto esta acta como secretaria, para os efectos de dar fe dos acordos adoptados pola Mesa de Contratación.

A SECRETARIA
DA MESA DE CONTRATACIÓN

O PRESIDENTE

OS VOGAIS